



# GALICIA ESCI PRO

10-13  
Xuño 2019  
Santiago de  
Compostela



XUNTA DE GALICIA







DL: C 961-2019  
DESEÑO GRÁFICO E IMPRESIÓN:  
GRÁFICAS GARABAL

The background is a vibrant red color. On the left side, there is a vertical strip of a lighter red or pinkish hue, which appears to be a hand or a piece of fabric. The hand is positioned vertically, with the fingers pointing downwards. The main text is in a bold, white, sans-serif font, slanted upwards to the right.

# **GALICIA ESCI PRO**

**10-13  
xuño 2019  
Santiago de  
Compostela**

## LUNS 10

## MARTES 11

Fundación  
SGAE

Biblioteca  
Ánxel Casal

Salón  
Teatro

11 h / Baobab Teatro  
**Mai Mai**  
50 minutos

Fundación  
SGAE

Sala Germán Coppini  
13 h / Teatro Avento Producións  
**Ummm!! Unha comedia musical para  
chupar os dedos!**  
50 minutos

14 h Aperitivo

Sala 2  
16.30 h / Marelas Producións  
**Liberto**  
80 minutos

Sala 2  
11 h / Café de las Artes Teatro  
**El inolvidable viaje de Nana**  
40 minutos

Sala Germán Coppini  
12.30 h / AveLina Pérez & Velpister  
**Deixa de tocala, Sam**  
55 minutos

13.30 h Aperitivo

Hotel  
Costa Vella

Patio / 16 h / **Cafescena**  
**"Os protocolos necesarios para a  
exhibición de teatro para a  
infancia e a xuventude"**

Praza de  
Cervantes

17.30 h / Hortzmuga Teatroa  
**Femmes**  
60 minutos

Auditorio  
ABANCA

Praza da  
Quintana

18.30 h / Cía. Sincronacidas  
**OhLimpiadas!**  
50 minutos

Teatro  
Principal

20 h / ButacaZero  
**Despois das ondas**  
80 minutos

19.30 h / Teatro do Atlántico  
**Dúas donas que bailan**  
80 minutos

Salón  
Teatro

22.30 h / Licenciada Sotelo  
**A Gala**  
60 minutos

22.30 h / Diego M. Buceta  
**As vacacións máis longas**  
50 minutos

Riquela  
Club

00.00 h  
Noitescena PRO

00.00 h  
Noitescena PRO

## MÉRCORES 12

## XOVES 13

Fundación  
SGAE

Sala de reunións  
9 h / **Reunión da directiva de  
FAETEDA** (reunión de carácter interno)

Biblioteca  
Ánxel Casal

Salón de actos  
10 h / **Mesa de traballo  
"Cara a unha escena plural"**

Fundación  
SGAE

Sala Germán Coppini  
11 h / Odaiko  
**Circopeta ESTREA**  
55 minutos

Sala 2  
12.30 h / Rotura Producciones  
**Réquiem**  
80 minutos

14 h Aperitivo

Sala Germán Coppini  
11 h / A Xanela do Maxín  
**A toupiña que quería saber quen  
lle fixera aquilo na cabeza**  
45 minutos

Sala 2  
12.15 h / **Presentación de  
proxectos en formato 'pitching'**  
120 minutos

14.15 h Aperitivo

Hotel  
Costa Vella

Patio / 16 h / **Cafescena  
"Programación e circulación  
escénicas. Distintas perspectivas  
e distintas realidades"**

Patio / 16 h / **Cafescena  
"#enAcción: as asociacións  
e a xestión de feiras e  
festivais"**

Auditorio  
ABANCA

17.30 h / Compañía N+1  
**Evolution ESTREA**  
60 minutos

17.30 h / Redrum Teatro  
**Idiota**  
70 minutos

Teatro  
Principal

19.30 h / La Macana  
**Pink Unicorns**  
70 minutos

19.30 h / Malasombra Producións  
**Bernarda**  
75 minutos

Salón  
Teatro

22.30 h / A Quinta do Cuadrante  
**O empapelado amarelo**  
60 minutos

22.30 h / Contraproducións  
**A compañeira de piso**  
90 minutos

Riquela  
Club

00.00 h  
Noitescena PRO







---

**Espectáculos  
Galicia Escena  
PRO 2019**

---



## A COMPAÑÍA

Baobab Teatro somos unha compañía especializada en teatro para nenos e nenas que nace en 2011 da man de Andrea Bayer e Óscar Ferreira. Temos unha filosofía, crear espectáculos de máxima calidade, apostando por unha forte poética e a lingua galega.

Ao longo destes anos fomos recollendo recoñecementos e premios polos nosos diferentes espectáculos: mención de honra no III certame literario “Cuento en Corto” (2012), nomeamento aos Premios Max na categoría de mellor autoría teatral galega (2013), Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (2014), Premio mellor espectáculo para público infantil e familiar na XVIII Feria de Castilla y León (2015), candidatura aos premios MAX (2016), nomeamento aos María Casares (2018).

## CONTRATACIÓN

Nacho Fungueiriño / Óscar Ferreira  
981 582 836 / 699 783 168  
info@culturactiva.org  
contacto@baobabteatro.com  
www.culturactiva.org  
www.baobabteatro.com

# Mai Mai

BAOBAB TEATRO

**LUNS 10 / SALÓN TEATRO / 11 H**

*Mai Mai* é a historia do último oso panda do planeta e a súa loita por sobrevivir. A falta de comida e os problemas ocasionados polo quecemento global fan difícil a supervivencia desta especie. Unha muller forte e emprendedora e un famoso fotógrafo comezan unha viaxe por separado para atopar o último panda do planeta, toda unha aventura na que se atoparán unha chea de problemas que solventar...

Unha historia tenra e moi divertida onde se mestura o amor, a cobiza, o éxito e a concienciación medioambiental. Unha historia que fala de revolución, que plasma o empoderamento da muller e que nos fará meditar sobre o que estamos a facer con nós e co noso planeta.

Autoría: Andrea Bayer  
 Dirección: Andrea Bayer e Óscar Ferreira  
 Escenografía: Óscar Ferreira  
 Iluminación: Daniel Abalo  
 Son: Daniel Abalo  
 Vestiario: Óscar Ferreira  
 Monicreques: Óscar Ferreira e José Manuel Vidal  
 Música nana: Davide González  
 Voz nena: Sofía Fernández  
 Proxección audiovisual: Ana Tasende  
 Elenco: Xosé Manuel Esperante, Andrea Bayer e

Óscar Ferreira  
 Distribución: Culturactiva e Baobab Teatro

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais-Agadic

**A partir de 5 anos**

**Teatro**

**50 minutos**



## A COMPAÑÍA

Teatro Avento Producións é unha compañía teatral galega que comezou a súa andaina na especialidade de teatro musical en Galicia en 2013. Desde que comezamos, fixemos espectáculos como *O Mago de Oz*, *Hansel e Gretel*, *Fantasticks*, *Aladino e a lámpada marabillosa* e, de recente estrea, *Ummm!! Unha comedia musical para chupar os dedos!* Iso si, sempre como espectáculos musicais. Encántanos divertir os máis pequenos e poder xerar público xa desde cativos.

## CONTRATACIÓN

Rocío Salgado  
627 165 468  
aventoproductions@gmail.com  
www.teatroavento.com



# *Ummm!! Unha comedia musical para chupar os dedos!*

TEATRO AVENTO PRODUCCIÓNS

**LUNS 10 / FUNDACIÓN SGAE / SALA GERMÁN COPPINI / 13 H**

A pastelería de Dona Remedios está pasando por un mal momento xa que a súa encargada, Ana, só sabe facer boliños de crema. A única solución que a Señora Remedios ve posible para salvar o negocio é contratar un novo axudante, Lito, que irrompe na pastelería montado no seu patinete e cargado de novas ideas e receitas que porá en dúbida a parte máis tradicional e racional da repostería de Ana.

Autoría: Martín Maez  
 Dirección: Xoán Abreu  
 Escenografía: José Faro  
 "Coti"  
 Iluminación: Javier Quintana  
 Son: Javier Quintana  
 Vestiario: Avento Producións  
 Música: Avento Producións  
 Elenco: Martín Maez e Rocío Salgado

**Público familiar**

**Teatro musical**

**50 minutos**



## A COMPAÑÍA

Marelas Producións é unha compañía de recente creación encabezada pola produtora Luisa Romeo e a actriz Tamara Canosa. Cada unha delas suma máis de vinte anos de experiencia profesional no eido cultural e *Liberto* é a súa carta de presentación teatral.

Marelas xorde do interese por explorar e visibilizar relatos infrarrepresentados, por atender as partes do relato que quedan por contar, por reivindicar. Unha compañía interesada no teatro social como espazo de reflexión e coa vocación de explorar as infinitas posibilidades estéticas do teatro.

## CONTRATACIÓN

Tamara Canosa  
627 310 083  
marelasteatro@gmail.com  
www.marelas.com



# Liberto

MARELAS PRODUCCIÓN

**LUNS 10 / FUNDACIÓN SCAE / SALA 2 / 16.30 H**

Cando nace Liberto, a vida de Ada frea en seco. Desde unha sala de espera vivirá a experiencia máis determinante da súa vida.

*Liberto* é un canto á vida desde a primeira persoa interpelando directamente o público. Unha reivindicación do imperfecto, do humano. Un texto e unha proposta formal que falan da vida, do sensorial e instintivo. Un espectáculo que revisa os límites socialmente acordados. Un relato honesto de como xestionar a dor e de como seguir avanzando. Un proceso pegado ao primitivo, á conexión co noso animal, e por iso, contra todo pronóstico, cheo de vitalidade.

Autoría: Gemma Brió  
 Dirección e adaptación:  
 Tamara Canosa  
 Tradución: María Vázquez e  
 Tamara Canosa  
 Escenografía e iluminación:  
 J.M. Faro "Coti"  
 Son: Jas Processor  
 Música orixinal: Lucía Aldao  
 Coreografía: Rut Balbís  
 Elenco: Rocío González,  
 Cris Iglesias e Lucía Aldao

**Adulto**

**Teatro**

**80 minutos**



## A COMPAÑÍA

Sincronacidas é unha compañía galega formada por Mónica Suárez e Greta Marí no ano 2018. As súas producións caracterízanse por ter o humor como eixe principal e por fusionarse con outras disciplinas, como o circo e a danza.

O seu primeiro espectáculo, Premio Fetén 2019 ao mellor espectáculo de rúa, é *OhLimpidas*, que contou co apoio do Festival Circada 2018.

## CONTRATACIÓN

Belém Brandido / Pistacatro  
(en Galicia e Portugal)  
627 778 351  
distribucion@pistacatro.com  
www.sincronacidas.com



# OhLimpiadas!

CÍA. SINCRONACIDAS

**LUNS 10 / PRAZA DA QUINTANA / 18.30 H**

Proposta fresca e divertida na que dúas limpadoras ven como a súa rutina é retransmitida como se dunha competición olímpica se tratase. O cotián narrado como se estivesen no Tour de Francia ou nos mundiais de natación sincronizada para construír un mundo absurdo e disparatado.

O espectáculo conta, ademais, coa voz en *off* de Julia Luna, comentarista habitual dos mundiais de natación e dos Xogos Olímpicos de TVE.

Estas situacións cobran vida grazas á combinación de técnicas como a danza, os portés acrobáticos e, por suposto, todo regado cunha boa dose de humor que dá soporte a este mundo de disparate que construímos para o deleite de todos os públicos.

Espectáculo gañador do Premio Fetén ao mellor espectáculo de rúa 2019.

Autoría: Greta Marí e  
Mónica Suárez  
Dirección: Javier Ariza  
Adaptación: Javier Ariza  
Iluminación: Sara Martínez  
Son: Sara Martínez  
Vestuario: Carmen Hortas  
Elenco: Greta Marí e  
Mónica Suárez

**Todos os públicos**

**Teatro de rúa**

**50 minutos**





## A COMPANHÍA

Compromiso co aquí, co agora. ButacaZero é a plataforma creativa de Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodeguas, que propoñen un teatro que dialoga co mundo actual. A investigación e a reflexión desde un ollar crítico e irónico definen as súas propostas nas que a tradición teatral se mestura coas posibilidades do audiovisual en escena.

Déronse a coñecer en 2016 con *Voaxa e Carmín*, en coprodución coa Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e Eme2, levando a escena a Maruxa e Coralia Fandiño Ricart. En 2017 estrean *Na butaca*, unha peza sobre o esquecemento. En 2018 nace *#camiños*, en coprodución co CDG, unha brutal experiencia teatral sobre a nosa terra: Galicia.

Neste 2019 estrean xunto á Deputación da Coruña *Despois das ondas*, afondando nas lembranzas vitais, políticas e artísticas da gran diva María Casares.

## CONTRATACIÓN

Esther F. Carrodeguas  
629 694 432  
distribucion@butacazero.net  
butacazero.net

# Despois das ondas

BUTACAZERO

**LUNS 10 / TEATRO PRINCIPAL / 20 H**

Despois da guerra, do exilio, da morte, do éxito, da soidade, do amor; despois de corenta anos, María Casares regresa á patria da súa infancia nunha xira teatral.

A nena medrou para converterse na grande actriz da escena e do cinema francés, no símbolo da España refuxiada, no recordo dunha Galicia perdida na brétema do pasado. Será precisamente nesa néboa onde a gran Casares deberá perderse para atopar o significado dunha vida chea de éxitos e perdas, onde as pantasma que resoan na súa memoria a axudarán a responder á verdadeira razón desta viaxe: quen é María?

Nesta peza, que mestura cine en directo, teatro e música, poderemos percorrer os lugares e momentos da vida de María Casares na súa viaxe de retorno tras corenta anos de exilio.

Autoría: Ernesto Is  
 Dirección: Xavier Castiñeira  
 Adaptación: Xavier Castiñeira e Ernesto Is  
 Cinema en directo: Roi Fernández (Sr. Pause Cinescapismo)  
 Coreografía: Sonsoles Cordón  
 Espazo escénico: Beatriz de Vega  
 Iluminación: Javier Quintana  
 Espazo sonoro: Ernesto Is  
 Vestuario: Carlos Pinilla  
 Elenco: Belén Constenla, Nerea Brey e Sonsoles Cordón

Produción e distribución:  
 Esther F. Carrodegus

Unha produción da  
 Deputación da Coruña e  
 ButacaZero. XXIII Premio  
 "Rafael Dieste" de Textos  
 Teatrais 2017 da Deputación  
 da Coruña

**Adulto**

**Teatro**

**80 minutos**





## A COMPANHÍA

Licenciada Sotelo aparece en 2010 como contedor dos traballos promovidos por Nuria Sotelo, nunha busca dunha linguaxe escénica ecléctica e multidisciplinar que vai evolucionando en cada produción.

En 2010, froito do encontro de Nuria coa directora Ana Vallés, nace o solo de danza *Métanse nos seus asuntos*. En 2012, baixo esta mesma colaboración, aparece *Usted está aquí* xunto co bailarín Natxo Montero.

A partir deste momento, Nuria comeza a dirixir as pezas da compañía en colaboración con artistas de diferentes áreas: *Estado de gracia* coa cantante Mounqup; *Silencio por favor* con Mounqup, a cellista Macarena Montesinos, a bailarina Rut Balbís e a artista multimedia Marta Verde; *Ensaio amor* con Macarena Montesinos, a bailarina Clara Ferrao e a filla de Nuria, Lena Vilanova; e *Incerteza* con Cris Vilariño.

A última peza da compañía é *A Gala*, na que se volve contar con Mounqup e as bailarinas Cris Vilariño, Rebeca Carrera e Andrea Quintana.

## CONTRATACIÓN

Nuria Sotelo  
657 278 320  
licenciada.sotelo@gmail.com  
licenciadasotelo.wordpress.com

# A Gala

---

## LICENCIADA SOTELO

**LUNS 10 / SALÓN TEATRO / 22.30 H**

Peza de danza-teatro cun equipo artístico e técnico composto por mulleres creativas e libres que toman como inspiración a figura e obra da grande artista Maruja Mallo.

*A Gala* nace coa vontade de recoñecer e dar a coñecer esta pintora compoñente do movemento de Las Sinsombrero, que abrangue as mulleres da Xeración do 27, esa fracción da Xeración do 27 que non aparecía nos libros de texto cando nós estudabamos.

O punto de partida é a gala de conmemoración dos 117 anos do nacemento da artista Maruja Mallo (e 24 anos despois da súa morte). A partir de aí, as tres intérpretes viaxan co seu corpo, movemento e voz a través do universo artístico e vital da pintora e dos seus propios, establecendo puntos de conexión entre tempos e espazos aparentemente afastados.

Autoría: Cris Vilariño, Nuria Sotelo, Andrea Quintana e Rebeca Carrera  
 Coreografía: Rebeca Carrera, Andrea Quintana, Nuria Sotelo e Cris Vilariño  
 Dramaturxia: Andrea Quintana  
 Escenografía: Cris Vilariño  
 Iluminación: Laura Iturralde e Dell Ruiz  
 Vestuario: Licenciada Sotelo  
 Espazo sonoro: Mounq  
 Elenco: Cris Vilariño, Nuria Sotelo e Rebeca Carrera

Colaboran: Agadic, Concello de Allariz, Concello de Oleiros, A Casa Vella, Saumede, Tics Espazo de Formación

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais-Agadic

**Adulto**

**Danza teatro**

**60 minutos**



## A COMPANHÍA

Café de las Artes Teatro (CdAT) é una compañía estable que leva realizado máis de dez creacións nos últimos oito anos. O seu traballo identifícase por crear espectáculos íntimos e próximos, construíndo imaxinarios que rachan co cotián. Todas as súas pezas constrúen maneiras diferentes de abordar unha comunicación aberta e sinxela directamente en conexión coa parte sensible do espectador. Partindo de sólidas bases de circo e teatro xestual, a compañía do CdAT explora outras linguaxes escénicas como a música en directo, o teatro de obxectos e marionetas, a danza e o teatro de sombras. Entre o delicado e o sedutor, o que se ve e o que se intúe, o CdAT sempre atopa un xeito de construír un recordo para cada persoa do público.

## CONTRATACIÓN

Angeles González  
(a+ soluciones culturales)  
622 808 292  
angeles.gonzalez@a-mas.net  
[cdat.es/compania\\_teatro](http://cdat.es/compania_teatro)

# *El inolvidable viaje de Nana*

CAFÉ DE LAS ARTES TEATRO

**MARTES 11 / FUNDACIÓN SGAE / SALA 2 / 11 H**

Nana está embarazada e pouco a pouco descobre como o seu corpo comeza a cambiar para nunca volver a ser un, senón dous. Nana ten a sensación de ter subido a un globo aerostático e camiñar polo aire durante nove meses. E máis. O seu bebé nacerá, farase neno, adulto novo e pai.

A inesquecible viaxe de Nana, unha viaxe en globo que sobrevoa o terreo insondable do ciclo da vida.

Concepción, dirección e interpretación: Alicia Trueba  
Toca  
Asesoramento na posta en escena: Lucrezia Maimone e Cristian Londoño  
Coreografía: Lucrezia Maimone  
Ilustracións: Lucrezia Maimone  
Composición musical: Cristian Londoño  
Creación audiovisual: Yann Loïc Lambert

Diseño de iluminación: Flavia Mayans de la Morena  
Escenografía e atrezo: Café de las Artes Teatro  
Vestuario: Alicia Trueba  
Producción: Café de las Artes Teatro  
Distribución: a+ soluciones culturales

**Infantil, de 3 a 6 anos**

**Teatro**

**40 minutos**





## A COMPAÑÍA

Este é o primeiro encontro entre Avelina Pérez – creadora escénica – e Velpister – artista multidisciplinar –. Ela é directora, dramaturga e actriz das pezas *Os cans non comprenden a Kandinsky*, *A que non podes dicir cocacola* ou *Gañaremos o pan coa suor da túa fronte*, entre outras. Ten recibido varios premios de escrita dramática e está vinculada co teatro social. El é compositor das pezas *Cola para genocidio*, *Ancestral* e *Obsesiones, tormentos y un vals*, ademais de ter editado varios libros de poemas e crear o *Musicoplastidrama*, espectáculo no que mestura disciplinas.

Nesta proposta procuran un diálogo entre os seus mundos individuais e os intereses compartidos, entre a música e o teatro, entre os lugares alumados polo foco e os que están á sombra. O resultado: unha linguaxe común e disconforme.

## CONTRATACIÓN

Avelina Pérez Pérez  
637 756 146  
avelinaperezteatro@gmail.com  
www.avelinaperez.com



# Deixa de tocala, Sam

AVELINA PÉREZ & VELPISTER

**MARTES 11 / FUND. SGAE / SALA GERMÁN COPPINI / 12.30 H**

*Deixa de tocala, Sam* é unha proposta incompleta. Un xogo coa indeterminación. Un xeito de sinalar o fastío. O punto de partida desta creación ten lugar hoxe, agora, cando os referentes se esnaquizan contra o chan, nun golpe seco, e os varredores do lixo recollen o lixo nas bolsas para o lixo. Cando o príncipe de Dinamarca xa non nos salva.

Desde a pregunta, coa presenza dun humor acedo, mesturando momentos de intimidade con outros de grande intensidade, a peza percorre unha paisaxe humana e recoñecible, un cuestionamento escénico acerca do poder e do brillo.

Hamlet, Deus, Billy o Neno, a muller co dente de ouro que lles bota pan aos peixes da praza, o rei, a actriz, o pianista... Todos compoñen esta paisaxe teatral e musical que procura un encontro de incertezas, unha protesta absurda e inútil e –paradoxalmente– celebra o feito da vida.

---

Dramaturxia: AveLina Pérez	<b>Adulto</b>
Dirección escénica: AveLina Pérez	.....
Pérez	<b>Teatro</b>
Dirección musical: Velpister	.....
Iluminación: Daniel Casquero	<b>55 minutos</b>
Elenco: Avelina Pérez, actriz, e Velpister, piano en directo	.....



## A COMPAÑÍA

Hortzmuga Teatroo é unha compañía de teatro de rúa vasca que botou a andar en 1989. Logo de 30 anos de traxectoria teatral, e cunha trintena de producións e grandes eventos realizados, Hortzmuga Teatroo pretende construír un teatro que faga mover as tripas, de crítica e análise do contexto social, que sorprenda e invite a reflexionar, que axite as consciencias dos espectadores despertando a súa curiosidade, que emocione a ese público que, cremos, mira con intención de ter unha experiencia transformadora.

Cada proxecto significa unha nova viaxe na que nos acompañan xente artesá que fai música, que constrúe escenografías, que escribe textos, que idea formas e maneiras, que representa personaxes, que debuxa con luces, que fabrica sons; que conta historias para a rúa, en definitiva.

## CONTRATACIÓN

Alex Antunez  
697 894 074  
info@hortzmuga.com  
hortzmuga.com

# Femmes

HORTZMUGA TEATROA

**MARTES 11 / PRAZA DE CERVANTES / 17.30 H**

“Se a vida vos dá as costas, tocádelle o cu”. Esa foi a última frase de Reme antes de morrer. Xa só quedaban tres. Tres amigas, anciás, heroínas do día a día, que a partir dese momento quixeron honrar a súa amiga e aproveitar o tempo para lle amosar ao mundo o que son, o quixeron ser e nunca foron. É o momento de espertar e actuar.

*Femmes*, un canto reivindicativo de tres octoxenarias que afrontan a morte e se ríen da vida, con ironía, moito humor e un chisco de mal xenio. Mulleres loitadoras, que saen á rúa para provocar o mundo con métodos absurdos e protestas extremadamente disparatadas.

*Femmes*, espectáculo de rúa, *clown*, itinerante, sen texto, pensado para intervir no espazo público, que busca a participación activa do público como personaxes nunha historia que será diferente en cada función.

Autoría: Hortzmuga Teatroa

Dirección de escena: Gorka Ganso e Txubio Fernández de Jáuregui

Atrezo: Iñaki Aginaga

Vestuario: Azegine Urigoitia

Elenco: Arantza Goikoetxea,

Begoña Krego e Alex Antunez

**Todos os públicos**

**Teatro de rúa**

**60 minutos**



## A COMPAÑÍA

Desde 1985, Teatro do Atlántico leva realizadas 33 producións, entre elas: *Casa de Bonecas*, *A noite das Tribades*, *Amor de don Perlimplín*, *O cerco de Leningrado*, *Unha primavera para Aldara*, *O encoro*, *A raíña da beleza de Leenane*, *Memoria de Helena e María*, *O principio de Arquímedes* ou *Helena: xuízo a unha lurpia*, con representacións por toda Galicia e xiras por diversas autonomías do Estado e numerosos festivais nacionais e internacionais: FIT de Cádiz, FITEI do Porto, FIOT de Carballo, MITEU de Ourense; Latinoamericano de Córdoba (A Argentina), Internacional de Caracas (Venezuela), MIT de Ribadavia, FESTEIXO de Viana do Castelo, Mostra de Cangas, Festival de Cee, Mostra de Cariño, ou Muestra de las Autonomías Villa de Madrid.

A compañía foi distinguida co Premio da Crítica de Galicia 2016 no apartado de artes escénicas.

## CONTRATACIÓN

María Barcala  
618 256 424  
[teatrodoatlantico@yahoo.es](mailto:teatrodoatlantico@yahoo.es)



# Dúas donas que bailan

TEATRO DO ATLÁNTICO

**MARTES 11 / TEATRO PRINCIPAL / 19.30 H**

Carme soña cunha viaxe a París e con rematar unha colección de *tebeos* da infancia, e resístese a abandonar o piso no que habita malia as presións dos fillos e do dono da casa, que teñen outros plans para a vivenda. A filla contrata unha muller que lle vaia facer os labores domésticos á nai dúas veces por semana. A muller contratada é unha profesora de Lingua e Literatura obrigada polas circunstancias a aceptar o traballo. A súa presenza non é ben recibida, e cada xornada convértese nun inquietante e por veces cómico “toma e daca”.

Unha viaxe intensa, plena de beleza dramática, e iluminada pola inmensa humanidade que dúas mulleres agochan baixo a férrea armadura de ironía e dureza coa que intentan defenderse dos implacables embates da sociedade na que lles toca vivir.

Autoría: Josep M. Benet i Jornet  
 Dirección: Xúlio Lago  
 Tradución: Aleixandre Lago  
 Escenografía: Antonio Simón  
 Iluminación: Xúlio Lago e Antonio Simón  
 Vestiario: Susa Porto  
 Música: escolma de Esther Carrodegua  
 Elenco: María Barcala e M<sup>a</sup>. Ángeles Iglesias

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais-Agadic

**Adulto**

**Teatro**

**80 minutos**

Diego M. Buceta

FOTO: LAURA ITURRALDE



## A COMPAÑÍA

Son Diego M. Buceta. Encantado de coñecerte.

Son bailarín e creador, e a miña maior aventura é a investigación do corpo e a súa viaxe. De aquí a cousa de tomarme estas vacacións.

Tiven a fortuna de bailar con creadores e compañías como Sharon Fridman, Álvaro Frutos, Tino Sehgal, La Coja Dansa, Olga Cameselle, Jorge Crecis, La Imperfecta e Xarope Tulú, entre outros. Na actualidade Belén Bouzas, Fran Martínez e mais eu bailamos xuntos baixo o nome de Prácido Domingo. *Non hai que ser una casa para ter pantasmas* foi recoñecido co 1º premio Xuventude Crea 2017 e co Premio da Crítica no Certame Coreográfico de Madrid 2018.

*As vacacións máis longas* é o meu primeiro traballo en solitario, estreado en xuño de 2018 no Teatro Ensalle (Vigo) e recoñecido co premio á mellor interpretación no Certame M2 (Festival FIOT, Carballo) 2018.

## CONTRATACIÓN

Diego M. Buceta

636 325 827

diego.martinez.buceta@gmail.com

manulago.com/diego-m-buceta-ga

pracidodomingo.com



# As vacacións máis longas

DIEGO M. BUCETA

**MARTES 11 / SALÓN TEATRO / 22.30 H**

· acerca das miñas vacacións ·

Igual que Allen soñaba con Rockland e cunha longa viaxe por mar ata a porta da súa casa de campo na noite de Occidente, eu soño con chegar despois dunha longa travesía ata esa paisaxe rochosa onde xa non soa máis que o zoar do vento. Un saco de ósos que vaga arrastrado como un cadáver vivo e busca elevarse e desaparecer, mesturándose co po e as estrelas.

E así deixar de ser algo. E así ser felizmente parte de todo.

Creación e interpretación:  
Diego M. Buceta  
Iluminación: Laura Iturralde  
Fotografía: Laura Iturralde  
Registro de vídeo: Laura  
Iturralde e Eva Viera  
Vestuario: Diego M. Buceta  
Música: cantos de escravos  
e A Silver Mt Zion  
Agradecementos: colectivo  
RPM, Agadic e Teatro Ensalle

**Adulto**

**Danza contemporánea /  
artes do corpo**

**50 minutos**



## A COMPAÑÍA

Odaiko está integrada por percusionistas multidisciplinares. Para coñecer a orixe da compañía debemos remontarnos a 2002 e a Holanda, e é en 2004 cando sacan á luz o primeiro proxecto, *Galician on Board*.

A formación nace a raíz de numerosas colaboracións en festivais como o Steve Reich Festival (Holanda), o Stok Leuven Contemporain Festival (Bélxica) ou a Convención Internacional de Percusión de Taipei.

A proposta artística do grupo céntrase na exploración da música en relación con gags teatrais, cun humor por veces absurdo e empregando instrumentos feitos a man, simples obxectos cotiáns ou percutindo o propio corpo.

Odaiko produce as súas músicas e espectáculos. Así mesmo, é a entidade que organiza o Festival Internacional de Percusión, que se realiza en agosto nos Pendellos de Agolada.

## CONTRATACIÓN

Paula Rivela  
606 002 108 / 609 106 652  
odaikocontratacion@gmail.com  
odaiko.es



**ESTREA**

# Circopeta

---

**ODAIKO**
**MÉRCORES 12 / FUND. SGAE / SALA GERMÁN COPPINI / 11 H**

Espectáculo musical-teatral con presenza do mundo circense.

O entrañable Ruliño (personaxe da obra de Neira Vilas) amósanos o mundo do circo rural na compañía dos intrépidos percusionistas de Odaiko. Un espectáculo que traslada o público a outros tempos nos que o rural galego se vía impregnado pola maxia do circo de cando en vez.

O *clown* e os gags teatrais farán as delicias do público e arrincaranlle enormes gargalladas.

Autoría: Odaiko  
 Dirección: Juan Collazo  
 Escenografía: Odaiko  
 Iluminación: Pepe Varela  
 Son: Adrián Saavedra  
 Vestuario: Paula Rivela  
 Música: Sergio Sande,  
 Antonio Ocampo e Juan  
 Collazo  
 Elenco: Sergio Sande,  
 Antonio Ocampo, Juan  
 Collazo e Pablo Trasno

**Infantil e familiar**

**Teatro, música e circo**

**55 minutos**



## A COMPañÍA

En 2008, Ester Bellver, tras 30 anos de traxectoria profesional como actriz, inicia, baixo o pseudónimo de Rotura Producciones, a súa andaina como empresaria e produtora como resposta á necesidade de producir as súas propias creacións que lle permitan explorar o teatro baixo un criterio persoal.

O primeiro proxecto parte dun texto de Ester Bellver titulado *ProtAgonizo*, que supera as 150 representacións. Estreado en 2009, e tras un amplo e exitoso percorrido por diferentes salas alternativas de Madrid, saltou ao Centro Dramático Nacional, onde prorrogou as actuacións polo éxito acadado. Presentouse na Feria de Madrid (Madferia) e é Espectáculo Recomendado pola Red Nacional de Teatros.

En 2012 estréase *Todas a la una*. Nesta ocasión Ester Bellver elabora a dramaturxia a partir dunha selección de textos de Agustín García Calvo para ser interpretados en forma de monólogo por ela mesma. E en 2017 estrea *Réquiem* no Corral de Comedias de Alcalá de Henares, brindando un sentido homenaxe a seu pai, recentemente falecido.

## CONTRATACIÓN

Ester Bellver  
646 351 465  
esterbellver@gmail.com  
requiemrotura.blogspot.com

# Réquiem

ROTURA PRODUCCIONES

**MÉRCORES 12 / FUNDACIÓN SGAE / SALA 2 / 12.30 H**

Naqueles días de hospital, a meu pai e a min caeu nos a máscara de pai e filla coa que ata entón nos relacionáramos. Atopámonos espidos fronte a fronte, corazón a corazón, compartindo profundas reflexións, lembranzas, chistes, cancións, miserias, dores e desesperacións.

Nas situacións límite os seres humanos somos quen de ter un encontro moi especial. Pero para iso precisamos abandonar o papel que a cada un nos toca representar, deixar de ser quen somos ou quen cremos que somos. As fronteiras entre o que un e outro son comezan, así, a confundirse; a liña entre o que é dar e recibir dilúese tamén.

O tránsito de meu pai cara á morte proporcionoume o encontro máis forte que levo tivo ata a data cun ser humano. Sorprendentemente, o marco dunha situación dolorosa pode ser precisamente o que che brinde as cousas máis fermosas da túa vida.

Interpretación: Ester Bellver

Autoría: Ester Bellver

Escenografía e vestuario:

Rotura Producciones

Realización de vestuario:

Elena González, El Arte del

Arreglo e Loreto Cascales

Cartel: Tomi Osuna

Fotos: Tomi Osuna e Rosa

Herrera

Vídeo: Paz Producciones

Sonido: Javier Almela

Profesor acordeón: Mario

Torres

Deseño de iluminación: Juan

Gómez-Cornejo

Técnica de iluminación: Rosa

María Herrera Puebla

Prensa: María Díaz

Producción e distribución:

Rotura Producciones

Dirección: Ester Bellver

Agradecementos: Réquiem

contou co apoio da

Plataforma de Proxectos

Guindalera, que acolleu en

residencia o proceso de

ensaios.

**Adulto**

**Teatro**

**80 minutos**





## A COMPAÑÍA

Alfredo Muíño, licenciado en Educación Física e Deporte, cursa os seus estudos como especialista en Técnicas Circenses en Madrid, Bos Aires, Río de Xaneiro e na Habana con mestres como Michelle Dallaire, Thomas Liebhart, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Josep Collard, Nola Rae... Ademais do seu traballo en solitario, forma parte de compañías como Elefante Elegante, Lusco e Fusco ou Chipolatas en condición de actor, bailarín e acróbata.

Na súa traxectoria profesional figuran destinos nos cinco continentes. A Arxentina, O Brasil, México, Inglaterra, Holanda, Palestina, India, China ou Xapón son algúns dos países polos que pasou partillando o seu particular xeito de entender as artes escénicas.

## CONTRATACIÓN

Ángela Vila - Urdime  
698 132 395 / 981 937 434  
distribucion@urdime.net  
[urdime.gal/project/involucion/](http://urdime.gal/project/involucion/)

**ESTREA**

# *Evolution*

---

 COMPAÑÍA N+1

**MÉRCORES 12 / AUDITORIO ABANCA / 17.30 H**

O circo, a danza e o teatro serán o lenzo para debuxar a historia da humanidade sobre o noso planeta: a súa violenta infancia no espazo, unha madurez viva e relativamente equilibrada, o seu porvir incerto. Tres actos dunha aventura axitada que podería transformarse en traxedia a menos que aprendamos a facernos cargo do seu destino.

*Evolution* é a obra máis ambiciosa de Alfredo Muíño, unha peza que leva perfeccionando no tempo todos estes anos e que por fin sae á luz.

---

Autoría: Alfredo Muíño  
 Dirección: Pablo Sánchez  
 Coreografía: Bárbara Monteagudo  
 Deseño de iluminación: Alfonso Castro  
 Deseño de espazo sonoro: Pedro Lamas  
 Deseño de vestuario: Sigrid Blanco  
 Elenco: Alfredo Muíño

**Todos os públicos**
**Teatro, circo e danza**
**60 minutos**



## A COMPAÑÍA

La Macana é unha compañía de danza con base en Galicia formada en 2009 polos creadores e intérpretes Caterina Varela e Alexis Fernández. As colaboracións continuadas con outros artistas e a forte proxección internacional dos seus proxectos son dous dos piares fundamentais sobre os que se constrúe o seu proxecto. As súas creacións foron premiadas en distintas ocasións e puideron presentarse en máis de vinte países mantendo vínculos de coprodución con distintos centros de creación e teatros europeos.

## CONTRATACIÓN

Caterina Varela  
670 279 805  
info@lamacana.es  
www.lamacana.es



# ***Pink Unicorns***

LA MACANA

**MÉRCORES 12 / TEATRO PRINCIPAL / 19.30 H**

O punto de partida da nova creación de La Macana en colaboración con Samir Akika é un reto, o de poñer en escena a un pai co seu fillo adolescente. O primeiro, un galego de orixe cubana que na súa ampla experiencia como bailarín nunca tivo que enfrontarse a un maior desafío que bailar cun compañeiro máis cercano. Pola outra banda, un espléndido, atlético e creativo rapaz de catorce anos, cheo de enerxía e de ganas de confrontar a súa perspectiva “millennial” co seu querido pai.

Dirección: Caterina Varela,  
Alexis Fernández e Samir  
Akika

Escenografía: Tilo Schreieck

Iluminación: Afonso Castro

Elenco: Alexis Fernández e  
Paulo Fernández

**Todos os públicos**

**Danza-teatro**

**70 minutos**

Espectáculo coproducido  
por La Macana e o Centro  
Coreográfico Galego  
(Agadic), Theater im  
Pumpenhaus e Theater  
Bremen.



## A COMPAÑÍA

A Quinta do Cuadrante é o novo proxecto dos creadores escénicos Melania Cruz e Tito Asorey. Tras ser cofundadores da compañía ilMaquinario Teatro e participar ambos os dous en numerosos proxectos con colectivos de todo o país, deciden neste ano 2019 crear esta nova plataforma desde a que seguir experimentando, explorando, traballando e ideando espectáculos.

A Quinta do Cuadrante nace como fogar teatral, como espazo de investigación, como lugar ao que retornar doutras experiencias que nos nutren, co obxectivo de poñer en pé espectáculos de diversos formatos nos que dialoguen diferentes disciplinas artísticas. Un espazo aberto desde onde poder traballar con diferentes creadoras e creadores dun xeito que prime a horizontalidade e a confluencia.

## CONTRATACIÓN

Melania Cruz / Tito Asorey  
652 015 580 / 639 844 226  
aquintadocuadrante@gmail.com  
www.aquintadocuadrante.com



# *O empapelado amarelo*

A QUINTA DO CUADRANTE

**MÉRCORES 12 / SALÓN TEATRO / 22.30 H**

*O empapelado amarelo* é un espectáculo unipersoal baseado no relato autobiográfico homónimo da escritora Charlotte Perkins Gilman, un referente feminista na literatura universal que pon en cuestión as estruturas heteropatriarcais que perviven na nosa sociedade.

Desde A Quinta do Cuadrante eliximos esta historia como punto de partida para a creación dun espectáculo que dialogue, desde o noso século XXI, coas palabras da autora, reflexionando escenicamente sobre a necesidade de continuar, 150 anos despois da súa publicación, coa loita incesante pola liberdade da muller e pola defensa da creatividade e a imaxinación como elementos indispensables para a construción dunha personalidade completa.

Autoría: Charlotte Perkins  
Gilman

Dirección: Tito Asorey  
Adaptación: Tito Asorey e  
Melania Cruz

Escenografía: Laura Iturralde

Iluminación: Laura Iturralde

Son: Xavier Bértolo

Vestuario: Renata Uzal

Música: Xavier Bértolo

Axudantía de dirección e

imaxe gráfica: Lucía Estévez

Elenco: Melania Cruz

**Adulto**

**Teatro**

**60 minutos**



FOTOS: XAIME CORTIZO

## **A COMPAÑÍA**

A Xanela do Maxín é unha compañía de monicreques que comeza a súa andaina en 2007. A día de hoxe leva estreadas 16 producións escénicas dirixidas ao público infantil e xuvenil, coas que teñen asistido a numerosos festivais tanto estatais como internacionais, e participado en diferentes circuitos culturais, como a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas, a Rede Cultural da Deputación da Coruña, a Rede de Auditorios da Deputación de Ourense, Ler Conta Moito, a Rede de Teatros e Auditorios de Castela e León, o Circuito de Artes Escénicas e Musicais de Aragón, o Circuito de Teatro de Asturias... En 2018, ademais, publícase a súa obra *Ula Lúa?* co selo Guindastre Edicións.

## **CONTRATACIÓN**

Celtia Figueiras Rama  
635 364 587  
info@axaneladomaxin.com  
www.axaneladomaxin.com

# A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza

A XANELA DO MAXÍN

**XOVES 13 / FUNDACIÓN SGAE / SALA GERMÁN COPPINI / 11 H**

A toupiña saía do seu tobo e algo lle caeu na cabeza a modo de pucho cheirento. Daquela, percorrerá a granxa investigando –moi indignada– cal dos animais que alí viven lle fixera semellante agravio: a pomba, o cabalo, a lebre... acompañada do granxeiro e dunha rapaza recentemente chegada da cidade, que a queren axudar.

Unha obra moi participativa, simpática e escatolóxica que provoca gargalladas e fai que os espectadores empaticen coa toupiña, ferida no seu orgullo. Nenas e maiores terán, con esta historia, a visión dun tema tan natural como a vida mesma e que, non obstante, non sempre aparece en escena.

Autoría: Werner Holzwarth  
 Dirección: Celtia Figueiras  
 Adaptación: Celtia Figueiras  
 Escenografía: Benito Figueiras  
 Son e iluminación: Luis Vallecillo  
 Monicreques: Marcelo P. Fernández  
 Música: Pablo P. Sanmamed  
 Elenco: Celtia Figueiras, Luis Vallecillo e Pablo P. Sanmamed

Espectáculo subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais-Agadic

**Familiar**

**Teatro de monicreques e música en vivo**

**45 minutos**





## A COMPANHÍA

Redrum Teatro somos unha empresa cultural dedicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e á edición de libros constituída no ano 2009. Desde a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo persoal da compañía.

Espectáculos: *A Pensión* (2009), *Moito conto* (2011), *Curriculum Vitae* (2012), *Amor flexible* (2013), *Roedores* (2014), *Noiteboa* (2015), *A nena que quería navegar* (2016), *A canción do elefante* (2017), *Estás aí?* (2018), *Contos do recreo* (2018), *Invisibles* (2018).

## CONTRATACIÓN

Guillermo Carbajo  
617 334 627  
redrumteatro@gmail.com  
[www.redrumteatro.com/idiota](http://www.redrumteatro.com/idiota)

# Idiota

---

REDRUM TEATRO

**XOVES 13 / AUDITORIO ABANCA / 17.30 H**

Un home preséntase a unhas probas psicolóxicas remuneradas. O que pensa que será unha maneira sinxela de conseguir os cartos que precisa para resolver os seus problemas económicos converterase nunha auténtica trampa. Unha atractiva psicóloga formularlle preguntas e enigmas que o porán nervioso, obrigándoo a sacar o mellor del para evitar un fatal desenlace.

Un xogo negro, divertido e cheo de suspense que levará o protagonista ao límite da súa paciencia e razón. Un xogo tamén para o espectador, que deberá resolver os diferentes obstáculos, xunto con Carlos, desde a súa propia butaca.

Autoría: Jordi Casanovas  
 Dirección: Álex Sampayo  
 Tradución: Álex Sampayo  
 Escenografía: Redrum Teatro  
 Iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio  
 Son: Álex Sampayo  
 Vestiario: Guillermo Carboja  
 Elenco: Machi Salgado e Susana Sampedro

**Adulto**

**Teatro**

**70 minutos**



## **A COMPAÑÍA**

Malasombra Producións foi fundada no ano 2006 polo actor Xoque Carbajal. Hoxe, despois dunha década, afianzamos un proxecto empresarial que non só xera cultura e ilusión, senón tamén postos de traballo, converténdose nunha das compañías con máis distribución en Galicia.

## **CONTRATACIÓN**

Xoque Carbajal  
696 462 929  
xoquecarbajal@gmail.com  
[www.malasombra.gal](http://www.malasombra.gal)



# Bernarda

MALASOMBRA PRODUCCIÓN

**XOVES 13 / TEATRO PRINCIPAL / 19.30 H**

1975. Unha vila de Galicia. Bernarda queda viúva o mesmo día da morte de Franco. Quédanlle dúas fillas mozas. Bernarda decreta o estado de loito. Durante dous anos non poden ver a televisión, nin escoitar a radio, nin ir a ningunha verbena. Fóra, a sociedade da transición está cambiando. Bernarda non entende a música yeyé, as minisaias, os guateques, nin ningunha das novas modas da xuventude da época. Dentro, Bernarda fai todo o posible para que eses cambios non entren na súa casa.

*Bernarda* é unha historia próxima, comprensible e universal. Todos coñecemos no noso contorno alguén como Bernarda, e todos temos un pouco de Bernarda no noso interior.

Autoría: Jose Prieto  
 Dirección: Jose Prieto  
 Escenografía: Kukas  
 Iluminación: Xoque Carbajal  
 Son: Malasombra  
 Vestiario: Malasombra

**Adulto**

**Teatro**

**75 minutos**



FOTOS: CRISTINA ASTORGAND, DE LA ESCENA ILUMINADA

## A COMPAÑÍA

Contraproducións é unha empresa galega dedicada á creación e distribución de espectáculos escénicos conducida por Belén Pichel e Cándido Pazó.

Cunha vocación teatral de signo aberto, intención crítica e relación fresca e directa cun público de amplo espectro, é a plataforma que acolle a maior parte das creacións escénicas de Cándido Pazó no campo do teatro e a narración oral, aínda que dando cabida tamén a outras figuras da dirección escénica ou a escritura teatral, así como a coproducións ou colaboracións con outras estruturas.

## CONTRATACIÓN

Lilian Portela  
610 106 808  
contra.compostela@gmail.com  
www.contraproductions.com





# A compañeira de piso

## CONTRAPRODUCCIÓN

**XOVES 13 / SALÓN TEATRO / 22.30 H**

Sharon (Patricia Vázquez), unha ama de casa de cincuenta e pico anos e recentemente divorciada, publica un anuncio para compartir a súa casa no corazón do rural de Iowa. Sharon procura alguén coma ela, unha compañeira, se cadra, unha amiga. A chegada de Robyn (Rebeca Montero) para ocupar o cuarto deixa a Sharon de pedra xa que non podían ser máis diferentes: lesbiana, vegana, chegada do Bronx... Pero lonxe de arredarse, Sharon comeza a experimentar co estraño (e prohibido) xeito de vida de Robyn sen saber que a súa inquilina procura un refuxio no que agocharse e cambiar de vida.

Unha comedia negra sobre a capacidade de reconducir o tren da propia vida e o que sucede cando este descarrila.

Autoría: Jen Silverman  
 Dirección: Belén Pichel e Cándido Pazó  
 Tradución: Lilian Portela  
 Escenografía: Carlos Alonso  
 Iluminación: Afonso Castro  
 Vestiario: Belén Pichel  
 Música: Guillerme Fernández  
 Elenco: Patricia Vázquez e Rebeca Montero

Espectáculo coproducido por Contraproducións e o Centro Dramático Galego (Agadic)

**Adulto**

**Teatro**

**90 minutos**





---

# Actividades PRO

---

# PROXECTOS EN FORMATO *PITCHING*

XOVES 13 / FUNDACIÓN SGAE / SALA 2 / 12.15 H

---

## *C'est pas Possible!*

SEMPRE ARRIBA

Un espectáculo en clave de *clown* que invita a ver que si é posible saír da rutina.

Por diante un día máis de traballo e, baixo a súa responsabilidade, que todo estea listo para o inicio da función. Afeita a traballar na sombra, a técnica e *rigger* é a encargada de montar o pórtilo de aéreos e preparalo todo para que a Grande Artista brille na escena. Responsable, disciplinada, eficaz e profesional, pon o mellor de si cada día. Pero hoxe a súa rutina será alterada pola mirada do público, despertando o seu lado torpe e fantasioso, e levándoa a facer o que ela cría como imposible.

Unha viaxe cara ao reencontro cun mesmo e ao pracer de vivir e compartir.

Espectáculo en linguaxe *clown* con acrobacia aérea.

### CONTACTO

Marta Iglesias Martín  
646 314 995  
marta@semprearriba.com  
www.semprearriba.com

---

## *Carabela*

GALEATRO

Carabela, cociñeira dun barco, naufraga na Illa Pequena de Plástico. Está soa, rodeada de peixes mutantes que lle advirten que son tóxicos, de paxaros que non paran de queixarse por comer substancias sintéticas e de verduras que non alimentan. Para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. O corazón a pilas da Nena de Plástico comeza a latexar con forza para coñecer o que hai máis aló dos peixes mutantes e dos paxaros chromicas e, sobre todo, para axudar a Carabela a saír da illa antes de que morra de fame.

Un texto de Paula Carballeira, baixo a dirección de Davide González e interpretado por Alba Bermúdez, Davide González e Tone Martínez. Con Diego Valeiras como responsable do deseño de vestiario e escenografía, Ignacio Martín a cargo do deseño de iluminación, Andrea Ures da imaxe e coa música orixinal de Davide González.

### CONTACTO

Emi Candal  
981 937 424  
info@urdime.net  
www.urdime.gal

---

## *Clausura do amor*

CÁMARA NEGRA TEATRO

*Clausura do amor* é o texto máis representado do francés Pascal Rambert, estreado en Avignon e traducido a máis de dez idiomas. Agora, Cámara Negra prepara a súa versión en galego, interpretada por Teté García e Xosé M. Esperante e dirixida por Carlos Álvarez-Ossorio.

Trátase dunha obra de resistencia física e emocional, onde os dous intérpretes deben abrirse en canal para enfrontarse a un texto visceral sobre a fin do amor. O espectador asiste ao acto mesmo de clausurar o amor, de matalo en escena. Un duelo verbal que parte da dor, do medo e da liberación. Un combate desgarrador e devastador, a través de dous monólogos intensos e inmensos. Actuación e palabra. Nada máis.

### **CONTACTO**

Carlos Álvarez-Ossorio  
656 627 037  
camaranegra@camaranegra.org  
www.camaranegra.org

---

## *Dreaming Juliet*

ELEFANTE ELEGANTE

*Dreaming Juliet* é o título da nova creación para público adulto do Elefante Elegante. O espectáculo inspírase na peza de W. Shakespeare *Romeo e Xulieta* para abordar a cuestión máis esencial da existencia humana: o amor. A paixón, a familia e a maternidade como temas intrínsecos e o teatro físico e visual como ferramenta. A peza do dramaturgo inglés é un referente universal porque os seus protagonistas, logo de amarse breve e desenfreadamente, tiveron un funesto final.

*Dreaming Juliet* pretende reflexionar sobre o futuro de Romeo e Xulieta no caso de non morrer. Que lle acontecería ao seu profundo amor se acabasen formando unha familia e tivesen que afrontar a rutina de todos os días?

### **CONTACTO**

Agustín Bolaños  
655 447 887  
info@elefanteelegante.net  
www.elefanteelegante.net

---

## Illas desertas

### ARTESACÍA

*Illas desertas* explora a idea da perda do obxectivo, da falta de destino, a través do contacto con homes e mulleres nos que só queda o xesto difuso dunha meta, dun mecanismo socioeconómico que esmorece na súa corporalidade.

*Illas desertas* é unha proposta escénica transmedia, onde a narrativa do movemento escénico se mestura con *videomapping* interactivo sobre grandes retratos de camiñantes á deriva.

*Illas desertas* continúa a procura da compañía ArtesaCía de formalizar a través da transmedialidade os sentidos do non-lugar, a problemática da pertenza ou os fluxos de movemento do corpo colectivo e individual.

#### CONTACTO

Laura Villaverde  
679 943 801  
artescia@gmail.com  
www.artescia.com

---

## Lixo

### O BAÚL DA TÍA TOLA

(Soraya Paradela e Anna Cañadillas)

Sempre a correr chegan Plié e Relevé ao teatro para mostrar a gran coreografía. O público xa está preparado, a música comeza a soar pero, para a súa sorpresa, a súa escenografía non está no escenario! En troques desta atopan unha montaña de plásticos.

*E quen foi a que fixo,  
esta montaña de lixo?  
Estará a súa estrutura,  
debaixo de tanta varredura?  
Farán un espectáculo fantástico,  
a partir de todo este plástico?*

As dúas protagonistas, unhas bailadeiras moi peculiares, vivirán unha aventura na que teñen que crear cultura a partir da varredura, das luces e da sonoridade, comunicándose con pareados e movéndose con pasos de ballet.

*Lixo* é un espectáculo creado a partir de material plástico reciclado co que facer escenografías para o xogo con materiais que poderían ser simples desperdicios.

Espectáculo enfocado á primeira infancia.

#### CONTACTO

Soraya Paradela  
655 055 654  
obauldatiatola@yahoo.es  
obauldatiatola.wixsite.com/obauldatiatola

---

## ***Nun cuarto da rotonda***

ACUSMASER OPUS

A nosa primeira creación, en colaboración e produción con Ainé, será a montaxe dun espectáculo dúplice que conteña dúas obras etiquetadas como teatro do absurdo: *Krapp's last tape*, de Samuel Beckett, e *Dumb Waiter*, de Harold Pinter. Esta peza pode servirse de distintas formas, a gusto do demandante. As dúas obras nunha función única titulada *Nun cuarto da rotonda* ou ben calquera delas en funcións distintas. Por un lado, o Krapp, que dá nome ao seu protagonista, móstranos o desleixamento do paso da vida, fronte á vitalidade dos primeiros amores. Mentres que no *Montacargas* vemos a dous asasinados a soldo nunha estancia miserable á espera de ordes. A tensión desta desemboca en diálogos absurdos e intrascendentes.

A estrea de *Nun cuarto da rotonda* será na MIT de Ribadavia en xullo de 2019.

### **CONTACTO**

Santi Romay / Álvaro Pérez Becerra  
667 778 278 / 609 840 721  
acusmaseeropus@gmail.com

---

## ***O mel non caduca***

IBUPROFENO TEATRO

*O mel non caduca* é un espectáculo biodegradable e ecosostible xestado a partir dun proceso de creación colectiva arredor da obsolescencia programada, da relación do ser humano cos obxectos e da degradación ecolóxica do planeta por mor da perversidade da lóxica capitalista en relación co consumo masivo de produtos.

Un espectáculo para público adulto, cunha sorprendente dimensión plástica e sonora creada a partir de materiais de refugallo e cachifallos que acotío tiramos.

A pesar da dozura do mel, a nova proposta de Ibuprofeno está impregnada dun humor acedo e surrealista; unha arma para reflexionar, desde o humor, sobre a evolución autodestrutiva da especie humana.

Estrea en xaneiro de 2020.

### **CONTACTO**

Santiago Cortegoso  
696 730 037  
ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com  
www.ibuprofenoteatro.com

## Os nenos da varíola

PÉREZ&FERNÁNDEZ

*Os nenos da varíola* é a adaptación á escena do libro de María Solar dedicado aos 22 nenos que en 1803 levaron no seu corpo a vacina da varíola do vello ao novo mundo. Sempre brazo a brazo, sen romper a cadea, formando parte dunha das fazañas médicas máis grandes da humanidade.

*Os nenos da varíola* preséntase ao público familiar e escolar como un xogo escénico no que hai 22 espectadores enriba do escenario formando parte da posta en escena, simbolizando, por un lado, os nenos que vivían no Hospicio da Coruña, a xente do hospital ou a tripulación da corveta María Pita; e, por outro, sendo testemuñas privilexiadas do que sucede no escenario.

As actrices Victoria Pérez e Isabel Risco e os actores Manu Fernández e Xosé Leis interpretan a ducia de personaxes que protagonizan esta historia: as monxas da Casa de Expósitos, os doutores Balmis e Passe Roybanes, os nenos do hospicio e a muller que finalmente fixo posible que esta real expedición filantrópica se fixera realidade, Isabel Zandal.

### CONTACTO

Emi Candal  
981 937 424 / 619 620 335  
info@urdime.net  
urdime.gal/project/perezfernandez-2/

## Todas as marabillas do mundo

PRODUCCIÓNS DISPERSAS

O espectáculo preséntanos un personaxe fascinado pola beleza do mundo e as súas marabillas. Un personaxe que desexa gozar de todas as cousas fermosas que o noso planeta nos regala. Un día descobre que as marabillas son tantas e o mundo é tan grande que non tería nin o tempo nin os cartiños para poder gozar de toda esa fermosura. Así que sente unha tremenda frustración. Deberá aprender a convivir coa ela! Durante esta aprendizaxe tamén descubrirá que hai moitas emocións no seu interior e que ás veces é un lío levarse ben con todo o que vive na súa cabeza.

A música, a interacción co público e unha sinxela pero cuidada estética son parte fundamental da proposta.

### CONTACTO

Diego Freire  
649 683 015  
infodispersas@galegos.eu  
www.produccionsdispersas.gal



---

# CAFESCENAS

---

## “Os protocolos necesarios para a exhibición de teatro para a infancia e a xuventude”

**MARTES 11 / 16 H / PATIO DO HOTEL COSTA VELLA**

(PORTA DA PENA, 17)

O teatro para a infancia e a xuventude require duns protocolos específicos que garantan que os espectáculos cheguen da mellor forma posible ao público ao que van destinados.

A Asociación Te Veo presenta o seu protocolo, que incide na limitación de capacidade, na difusión das idades recomendadas, en garantir unhas adecuadas condicións de recepción, acomodación e percepción dos espectadores, no fomento da contratación ou na colaboración con especialistas que impulsen as relacións teatro-escola, teatro-familia e promovan a formación do espectador; así como no aumento dos recursos dirixidos á exhibición para estabilizar a frecuencia da programación e a ampliación da oferta teatral a todas as idades.

**Participan:** Agustín Lorenzo (ciclo Todo Público da Coruña), Andrea Bayer e Artur Trillo, (compañías galegas asociadas a Te Veo), Xacobe Rodríguez (Domingos do Principal de Pontevedra)

**Modera:** María Torres (compañía Elefante Elegante)

## “Programación e circulación escénicas. Distintas perspectivas e distintas realidades”

**MÉRCORES 12 / 16 H / PATIO DO HOTEL COSTA VELLA**

(PORTA DA PENA, 17)

Profesionais de referencia nos eidos da programación, a dirección artística e a circulación escénica reflexionan sobre a diversidade de factores que inciden na programación escénica profesional, desde a cuestión da paridade entre creadores e creadoras ata a atención á produción escénica de fóra dos grandes centros de produción ou a perspectiva desde os espazos de exhibición privados. E debaten, así mesmo, sobre a circulación escénica na actualidade, os seus retos e as propostas para un mellor e máis xusto artellamento da distribución da produción profesional.

**Participan:** Olga Mojón (Teatro Principal de Ourense), Enrique Camacho (Instituto de Artes Escénicas de Tenerife), Sergi Calleja (Grupo FOCUS), Juan Vicente Martínez (Sagunt a Escena)

**Modera:** Belén Pichel (Escena Galega)

---

## “#enAcción: as asociacións e a xestión de feiras e festivais”

XOVES 13/ 16 H / PATIO DO HOTEL COSTA VELLA

(PORTA DA PENA, 17)

A Federación Estatal de Asociacións de Empresas de Teatro e Danza- FAETEDA organiza este cafescena como unha magnífica oportunidade para compartir impresións, debater sobre os problemas e as virtudes dos modelos de xestión e artellar estratexias que permitan mirar cara ao futuro.

**Participan:** Carlos Martín (ZGZ Escena), Belén Pichel (Escena Galega) e Salvador Sanz (MADferia)

**Modera:** Juan Rodríguez (Escena Galega)

---

# REUNIÓN E MESAS DE TRABALLO

---

## Reunión da directiva da Federación Estatal de Asociacións de Empresas de Teatro e Danza-FAETEDA

**XOVES 13 / 9 H / SALA DE REUNIÓN DA FUNDACIÓN SGAE**

Reunión de carácter interno

## “Cara a unha escena plural”

**Mesa de traballo arredor da circulación da danza e da creación contemporánea nos espazos escénicos galegos**

**XOVES 13 / 10 H / SALÓN DE ACTOS DA BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO ÁNCEL CASAL**

(AVDA. DE XOÁN XXIII S/N)

Mesa de traballo para artistas e programadores arredor da presenza e circulación dos traballos da comunidade artística vinculada á danza e á creación contemporánea en Galicia. Como podemos avanzar xuntos na idea de que os programas dos espazos escénicos galegos traballen cunha óptica de pluralidade que atenda ás distintas linguaxes e, polo tanto, aos distintos públicos que existen no noso contexto?

**Coordinan:** Sabela Mendoza e Caterina Varela

## NOITESCENAS PRO

**LUNS 10, MARTES 11 E MÉRCORES 12**  
**A PARTIR DAS 00 HORAS / RIQUELA CLUB**

(PREGUNTOIRO, 35)

As noites do luns, martes e mércores, o Riquela Club convértese en punto de encontro musical para os asistentes a Galicia Escena PRO, con descontos especiais para as persoas acreditadas.

ESCENA  
PRO

### ZONA PRO

#### **CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA**

(PRAZA DE CERVANTES S/N)

#### **Acreditacións e información**

Horario: luns, de 9.30 a 14 e de 16.30 a 19.30 h;  
martes, mércores e xoves, de 10 a 14 e de 16.30 a 19.30 h

#### **Espazo de traballo e encontro entre os profesionais asistentes a Galicia Escena PRO**

Horario: de luns a xoves, de 10 a 14 e de 16.30 a 19.30 h

Coordina: Juan Rodríguez


Contacto: 699 521 803

facilitadorgpe@gmail.com



# **GALICIA ESCIENA PRO**

**10-13  
Xuño 2019  
Santiago de  
Compostela**





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021



Escena Galega

AGADIC



Agencia Galega das  
Industrias Culturais

galicia  
o bo camiño



CONCELLO DE  
SANTIAGO

fundación **sgae**

//Afundación  
Obra Social ABANCA

[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)

[www.galiciaescenapro.gal](http://www.galiciaescenapro.gal)

